

RELATORIO SORE ACTUACIONES POLICIAIS NA MARCHA AO CENTRO PENITENCIARIO DE TEIXEIRO O 12/12/2012

Antecedentes

EsCULcA (**Observatório para a Defensa dos Dereitos e Liberdades**) vén constatando con preocupación as restricións que na Galiza está a padecer o exercicio do dereito de reunión e manifestación consagrado no artigo 21 da Constitución de 1978. Son varias as Resolucións Administrativas da autoridade gubernativa que no último ano deron unha interpretación estrita deste dereito de configuración constitucional e dos mínimos requisitos que para o seu exercicio impón a LEI ORGÁNICA 9/1983. Así, ditáronse acordos prohibindo concentracións por estas teren sido comunicadas fóra de prazo, mesmo no caso en que a causa de urxencia da convocatoria era patente.

Son numerosos tamén os expedientes sancionadores incoados nos últimos anos ao amparo da lei de seguranza cidadá a participantes en concentracións e manifestacións.

É neste contexto como ESCULCA, en exercicio das súas finalidades estatutarias, decide emprender un traballo de observación en determinados actos, manifestacións ou reunións celebrados ao longo do país, para comprobar se se observa o escrupuloso respecto ao dereito constitucional que plasma unha das formas de participación directa da cidadanía no exercicio da acción política. Neste mesmo contexto, e co propósito de documentar as irregularidades que eventualmente viñeren producirse para poder dar conta delas, EsCULcA decide elaborar en cada caso un relatorio que recolla todas as incidencias observadas directamente e incorporar en apéndice aqueloutras, anteriores ou posteriores ao desenvolvemento do acto en si, de que tiver constancia. Estes relatorios son enviados posteriormente aos portavoces dos tres grupos do Parlamento Galego, ao Valedor do Pobo, á oficina do *Defensor del Pueblo* así como a organismos e observatorios europeos, deputados galegos no Congreso e no Parlamento Europeo e medios de comunicación social.

Marcha e concentración

Convoca:

A concentración, convocada para as 12,30 horas do día 12 de decembro de 2012, inicia o seu percorrido desde o surtidor de gasolina sito no km. 663 da N-664. O obxectivo é mostrar solidariedade coas persoas presas e protestar polas condicións de vida no penal centro penitenciario.

Participan unhas oitenta persoas. Unha equipa de ESCULCA composta por oito persoas, previa comunicación á Delegación do Goberno na Galiza (anexo I), observa o desenvolvemento do acto.

Dispositivo policial e desenvolvemento da concentración

Catro vehículos da Garda Civil e da Garda Civil de Tráfico, máis un quinto vehículo dos usados como radares, coas respectivas dotacións, están situados diante do surtidor de gasolina.

Dúas representantes de ESCULCA achéganse a unha das dotacións para identificárense como observadoras e facer entrega da comunicación feita á Delegación do Goberno, entrega que é rexeitada.

O xefe do operativo achégase á cabeceira da marcha e solicita o nome dos responsábeis da convocatoria.

A marcha iníciase sobre as 12.45, ocupando un único carril, dirección Uviéu, precedida e seguida por coches da Garda Civil de Tráfico que fan de parapeto dos manifestantes e ralentizan o tráfico. O percorrido até o CP dura uns trinta minutos e transcorre sen incidentes.

Non se permite ao grupo o acceso á esplanada do centro e este pára perante o primeiro sector do valado.

Obsérvase un elevado movemento das dotacións policiais, que varían dunha a oito no transcurso da manifestación.

Os primeiros corenta minutos transcorren sen incidentes e fica un único vehículo cunha dotación de catro axentes, tres homes e unha muller, entre os que está o xefe do operativo.

No transcurso da manifestación, os axentes deciden identificar varios dos participantes, *motu proprio*, sen mediar causa aparente.

Os observadores de ESCULCA achéganse ao xefe do operativo e indicánlle que non ten visíbel o número de identificación, ao igual que o resto dos axentes presentes no operativo. Este aparta o chaleque antidisturbios e mostra o seu número. Ningún axente

máis o mostra. Nese momento o xefe do operativo afirma que a partir daí considera os observadores de EsCULcA parte da manifestación e pide identificación a dúas observadoras. Fáiselle saber que non participan na manifestación senón que actúan como observadoras e que así consta na Delegación do Goberno.

A trinta minutos das dúas da tarde, un dos axentes lánzase contra os manifestantes, sen que se teña constancia do motivo, e prodúcese unha alteración. Acude outro axente. Os dous con apoio doutra axente tentan deter uns dos participantes da marcha de xeito aleatorio e indiscriminado. Finalmente non levan a cabo as detencións. Durante este suceso aparecen outros catro vehículos policiais coas correspondentes dotacións e os axentes que preparan a equipa antidisturbios.

Debido a estes acontecementos a responsábel do evento desconvoca a manifestación, e esta disólvese sen máis incidencias.

Observacións

Continuamos a constatar un incumprimento reiterado da Instrucción 13/2007 por parte dos axentes das forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Observamos que as funcións dos Corpos de Seguridade do Estado resultan desvirtuadas pois non se cumpre a misión recollida no artigo 11.1 da Ley Orgánica 2/1986 de 13 de Marzo de Forzas e corpos de seguridade do Estado de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades, sendo o de reunión e manifestación unha mostra primordial dos dereitos fundamentais. A actitude dos axentes cohibe, coarta e perturba o libre exercicio deste dereito, quedando así valeiro de contido o artigo 3.2 da LO 9/1983 de 15 de xullo reguladora do Dereito de Reunión que establece que a autoridade gubernativa protexerá as reunións e manifestacións fronte a quen tratar de impedir, perturbar o menoscabar o lícito exercicio deste dereito.

Recomendacións

1. Apesar das numerosas denuncias que provoca o reiterado incumprimento da Instrucción 13/2007 por parte dos axentes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, non se constata avance ningún que permita albergar esperanzas de que nun futuro próximo se producirá o necesario cambio de actitude nos funcionarios encargados de facer cumprir a lei. Para corrixir esta situación, EsCULcA propón que se adopten as medidas en sede disciplinaria que procedan contra os axentes actúantes e os seus mandos.

2. Perante a notoria desproporción entre o dispositivo despregado e o número e actitude dos manifestantes, EsCULcA recomenda que as autoridades gubernativas revisen os protocolos de actuación das UIP, por estimar que actuacións como as descritas non se axustan aos principios de necesidade e proporcionalidade de acordo coa interpretación que deles vén facendo a xurisprudencia, e poñan especial medida no deseño dos operativos policiais de custodia do dereito de manifestación, evitando a presenza de

UIPs agás nos casos en que houber datos fundados de perigo de producirense alteracións graves da seguridade cidadá (artigo 16 LO 1/92 de protección da seguridade cidadá), o que, alén de constituír unha medida proporcionada para garantir un exercicio do dereito de manifestación sen cortapisas, tería un efecto beneficioso na xestión orzamentaria das unidades policiais.

Galiza, 5 de febreiro 2013

Contacto: esculca@esculca.net

680 952 809

